

Expte. 1416/2026
RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta da Concellería de Xuventude do Concello da Guarda, a través da OMIX, en relación coas bases reguladoras do Campamento urbano de verán 2026. En virtude das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, resolvo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para o Campamento Urbano deste verán 2026, co texto que figura no ANEXO.

SEGUNDO: Publicar as devanditas bases no Taboleiro de anuncios do Concello da Guarda.

ANEXO

PROPOSTA BASES CAMPAMENTO URBANO 2026

CAMPAMENTO URBANO – VERÁN 2026. CONCELLO DA GUARDA

1. OBXECTO.

A Concellería de Xuventude do Concello da Guarda, a través da OMIX organizan o Campamento Urbano deste verán 2026 co principal obxectivo de conciliar vida familiar e laboral.

2.- BENEFICIARIOS/AS. REQUISITOS.

Rapaces e rapazas de entre 4 (nacidos/as no 2022) e 12 anos empadroados/as na Guarda (**comprobarase de oficio polo Concello**)

En caso de que o/a menor precise apoio derivado da súa diversidade funcional, deberá facelo constar na **solicitud de inscrición (no apartado de observacións médicas)** especificando as necesidades especiais que presente.

3.- NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

O número total de prazas ofertadas serán 60 prazas para as crianzas que cumpran os requisitos de inscrición.

Das 60 prazas dispoñibles reservaranse cinco prazas destinadas, de ser o caso, a familias de especial vulnerabilidade (situación valorada polo concello con informe previo do departamento dos Servizos sociais municipais). No suposto de que estas prazas non se ocupen cubriranse co resto de solicitudes que cumpran os requisitos de inscrición.

O campamento terá lugar nas instalacións dun centro escolar público situado no municipio.



4.- DURACIÓN E HORARIO

O campamento desenvolverase durante os meses de xullo e agosto en horario de 9:00 a 14:00 horas da mañá, de luns a venres. Poderase solicitar horario ampliado: entrada ás 8 horas e/ou saída: 15 horas.

5.- PREZOS

Os prezos por praza serán: 100 € por todo o campamento e 80€ por mes de participación.

6.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES E BAREMACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscrición e comprobados os requisitos previos terán prioridade para o ocupación da praza:

- Menores dos que ambos proxenitores ou titores legais estean traballando (por conta propia ou allea) no caso de familias monoparentais/monomarentais esta condición terá que presentala a persoa proxenitora que se faga cargo do coidado do/a menor.

As solicitudes e a documentación presentada serán valoradas por unha comisión técnica formada por: Concelleiro do equipo de goberno e dúas persoas técnicas do Concello. A técnica de xuventude exercerá como secretaria da comisión con voz e voto

7.- INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes será dende o día 8 ata o 22 de maio, de xeito presencial dende as 9:00 ata as 14 horas ou a través da sede electrónica (<https://aguarda.sedelectronica.gal>) durante a vixencia do prazo de inscrición.

As instancias de participación poderanse recoller no Concello da Guarda ou na web do concello www.aguarda.es As solicitudes presentaranse no Rexistro municipal xunto coa seguinte documentación:

- Solicitud de praza ou prazas asinadas polos pais/nais ou titores legais.
- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal.
- Fotocopia DNI do/a menor (se non ten DNI libro de familia)
- Condición de persoa ocupada a través de: vida laboral actualizada ou alta de autónoma de ambas persoas proxenitoras ou da persoa proxenitora que se faga cargo da crianza (no caso de familia monoparental / monomarental).
- Documentación acreditativa da familia monoparental / monomarental.

Se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos requirirase á persoa interesada para que presente subsanación no prazo máximo e improrrogable de **2 días naturais**,



indicándolle que, de non solucionar as deficiencias ou non chegar a documentación requirida, entenderase que ten por desistida a súa solicitude.

8.- ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS.

Unha vez rematado o prazo de inscrición o Concello elaborará unha listaxe coas solicitudes que será publicada no taboleiro da sede electrónica municipal, así como a listaxe de reserva atendendo aos requisitos e baremo de solicitudes e que aparecerá codificado co número de rexistro da solicitude. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo orde numérica. Se as persoas interesadas atopan un erro ou falta na listaxe publicada terán un prazo de dous días naturais para poder presentar reclamacións á esta relación.

No caso de que existan **máis solicitudes que prazas**, sempre tendo en conta a selección de baremación, realizarase un sorteo público entre as solicitudes que determinará a ocupación da praza e a orde numérica na listaxe de reserva. As solicitudes de irmáns sortearanse xuntas pero na listaxe de reserva poderán ser chamados de forma individual.

Se aínda así quedasen prazas libres poderán participar persoas que non estean empadroadas no concello e cumbran o requisito da idade establecido nas bases. Neste caso elaborárase unha segunda listaxe de reserva que, neste caso atenderá ao Rexistro de Entrada entres as solicitudes coa mesma condición.

9.- ASISTENCIA.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma: tres faltas no caso de asistir un mes e cinco faltas no caso de todo o campamento. Esta perda de praza será automática e se lle comunicará a persoa interesada cubrindo dita praza ca persoa seguinte na listaxe elaborada.

